

# Prácticas Académicas Externas Universidade de Vigo

**Raquel Rial Otero**

**Área de Nutrición e Bromatoloxía**

**Coordinadora de Prácticas Externas da Facultade de Ciencias**

Universida<sub>de</sub>Vigo



## Normativa

### Xeral:

- Real Decreto 592/2014, de 11 de julio, por el que se regulan las prácticas académicas externas de los estudiantes universitarios.

### Propia da Universidade de Vigo:

- Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo
- Instrucións sobre o procedemento para a realización das prácticas académicas externas

Mais información: [http://emprego.uvigo.es/emprego\\_gl/practicas/](http://emprego.uvigo.es/emprego_gl/practicas/)



## Axentes implicados

- **Coordinador/a de prácticas externas:** persoa responsable da xestión de convenios e do nomeamentos dos titores académicos
- **Titor/a na empresa/entidade:** supervisará as actividades, orientará ao estudante e controlará o desenvolvemento da práctica.
- **Titor/a académico/a:** un profesor/a da Uvigo que imparte docencia na Titulación do/a alumno/a, encargado de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, autorizar as modificacións no proxecto formativo, coordinarse co/a titor/a na empresa/entidade e avaliará as prácticas do estudante.



## Tipos de prácticas externas

- **Curriculares:** actividades académicas integrantes do Plan de Estudos.
- **Extracurriculares:** aquelas que os/as estudantes poderán con carácter voluntario durante o seu periodo de formación e que non forman parte do correspondiente Plan de Estudos. Non obstante serán reflexadas no Suplemento Europeo ao Título conforme determine a normativa vixente.
- **Programa Erasmus Practicas:** programa internacional.



## Prácticas externas curriculares:

- **Destinatarios:** alumnos/as **matriculados/as** na materia **Prácticas externas** do correspondente Plan de Estudos que cursaran 180 créditos dos necesarios para obter o título.
- **Requisitos:** durante o período de realización da práctica non debe haber ningunha relación contractual coa empresa/entidade ou coa UVigo.
- **Duración:** 6 créditos ECTS (**120 h presenciais + 30 h preparación da memoria**).
- **Cando:** As prácticas realizaranse durante o curso académico, sen que se poida superar o período lectivo establecido no calendario académico (**15 de xullo**).



## Prácticas externas curriculares:

- **Cómo elixo a empresa:**
  - Elixir entre aquelas empresas/entidades que teñen convenios de formación coa Universidade de Vigo en vigor (Faitic, taboeiro prácticas, páxina web).
  - Tamén pode propoñerlle ao Coordinador/a de prácticas algunha empresa que coñeza ou coa que xa contactara e que estea disposta a acollelo/a para realizar estas actividades formativas. Imprescindible firmar convenio.
- **Axentes implicados:** titor/a na empresa/entidade e titor/a académico/a.
- **Avaliación:** os/as estudantes serán avaliados mediante o informe do/a titor/a na empresa/entidade e a memoria final de prácticas. As cualificacións aparecerán nas convocatorias oficiais.



## Prácticas externas **extracurriculares**:

- **Destinatarios/as:** alumnos/as matriculados/as na Uvigo que teñan superados o 50 % dos créditos necesario para obter a titulación ou que estean realizando o PFC.
- **Duración:** entre 1 e 6 meses por ano académico (dende o 1 de setembro ao 31 de agosto).
- **Remuneración:** a empresa deberá remunerar ao alumno/a mediante una beca da cordo co salario mínimo interprofesional en función do número de horas (**empresa privada máximo 240 h sen remunerar, empresa pública** ou entidades sen ánimo de lucro máximo **ata 3 meses** sen remunerar).
- **Cando:** As prácticas poderán realizarse durante todo o ano, inclusive agosto.
- **Tramitación:** Fundación Universidade de Vigo (FUVI).



## Prácticas externas **extracurriculares**:

- **¿Cómo elixir a empresa?:**
  - Páxina web da **FUVI** onde aparecen as convocatorias públicas.
  - Lista de empresas con convenios firmados
  - Contactar pola súa conta cunha empresa/institución e acordar con ela a realización das prácticas académicas externas extracurriculares o dun PFC. Imprescindible firmar convenio.
- **Axentes implicados:** titor/a na empresa/entidade e titor/a académico/a.
- **Recoñecemento:** A realización de prácticas extracurriculares quedará reflexado no Expediente Académico e no Suplemento Europeo ao Título. **Hai que solicitalo na Secretaría do Centro.**





# Documentos para o seguimentos das prácticas:

## Documento D4 – Formalización da práctica Académica Externa

- Deben asinarse **4 copias**: 1 exemplar para a empresa/entidade, 1 para o FUVI, 1 para o coordinador/a de prácticas e 1 para o alumno/a.
- Xunto co convenio, formaliza o tipo de relación que se establece entre a empresa e o/a estudante, documentando a prácticas fronte a:
  - Unha posible inspección de traballo.
  - Un posible accidente durante o desenvolvemento da práctica.
- **Importante** entregar unha copia asinada no FUVI e ao Coordinador/a de prácticas antes de iniciar á práctica.



# Documentos para o seguimentos das prácticas:

## Documento D5 – Informe do titor da empresa/entidade

- Deben asinarse 2 copias: 1 exemplar para o FUVI e outro para o/a titor/a académico/a.
- O/A titor/a da empresa debe ser unha persoa vinculada á mesma, e con experiencia profesional na área na que o/a estudante vaia desenvolver a súa actividade. Supervisará as actividade, orientará ao estudante e controlará o desenvolvemento da práctica.
- Neste documento a empresa/entidade valorará a estancia, o grao de implicación e a actividade desenvolvida polo/a alumno/a durante á realización das prácticas.
- Solicitar á empresa ó último día de prácticas.



# Documentos para o seguimentos das prácticas:

## Documento D6 – Informe do alumno

- Deben asinarse **2 copias**: 1 exemplar para o FUVI e outro para o/a titor/a académico/a.
- Neste documento o/a estudante valora ás prácticas e a empresa/entidade onde as realizou.

## Memoria de prácticas: a cubrir polo/a estudante

- Debe entregarse un exemplar ao titor/a académico/a
- Existe unha plantilla dispoñible en Faitic cos principais puntos que debe conter a memoria.



# Documentos para o seguimentos das prácticas:

## Documento D7 – Informe do/a titor/a académico/a

- Deben asinarse **3 copias**: 1 copia para o FUVI, 1 copia para o/a alumno/a e 1 copia para Decanato.
- A cubrir polo/a titor/a académico/a en base os documentos D5, D6 e a memoria de prácticas.

## Documento D8 – certificado acreditativo de realización de prácticas académicas externasa

- Deben asinarse **3 copias**: 1 copia para o FUVI, 1 copia para o alumno e 1 copia para Secretaría do Centro + fotocopia en Decanato.
- A cubrir polo/a titor/a académico/a e asinado pola Secretaría do Centro.



# Documentos para o seguimentos das prácticas:

**IMPORTANTE:** O rematar as prácticas debe quedar

- En **Decanato**: unha copia orixinal dos Documento D4, D5, D6, D7, D8 e da memoria de prácticas. Para tódolos tipos de prácticas
- No **FUVI**: unha copia orixinal dos Documento D4, D5, D6, D7 e D8. Só para prácticas extracurriculares.
- Mentras non se entreguen todos estes documentos non se pode pechar o expediente e non se poderán solicitar recoñecementos nen solicitar a inclusión das prácticas no expediente.



## Prácticas externas **Erasmus+ prácticas:**

- Serven para facer tanto curriculares como extracurriculares
- **A quen están destinadas:**
  - Matriculado na UVigo con 50 % dos créditos superados.
  - Titulados recentes, cando soliciten a práctica no último curso dos seus estudos oficiais e a estadía se leve a cabo no período dun ano dende a graduación
- **Requisitos:** contar con carta de aceptación da empresa, non manter vinculación coincontractual con ela, informe favorable do titor/a que acredite a relación cos estudos da persoa, acreditar nivel de coñecemento do idioma.



## Prácticas externas **Erasmus+ prácticas:**

- **Próxima convocatoria en outubro**
- **Permite facer prácticas entre o 14/01/2019 e o 31/08/2019**
- **Tempo mínimo de prácticas: 2 meses**
- **Tempo máximo: 12 meses tendo en conta todas as estadias Erasmus da persoa solicitante.**
- **Mais información en:**

[https://www.uvigo.gal/uvigo\\_es/administracion/ori/practicas-internacionais/](https://www.uvigo.gal/uvigo_es/administracion/ori/practicas-internacionais/)



# Preguntas frecuentes





## ❑ ¿Cando debo iniciar os trámites para facer prácticas curriculares?

Canto antes xa que os/as alumnos/as de prácticas curriculares teñen prioridade á hora de elixir empresa/entidade e datas sobre os/as alumnos/as de extracurriculares. Esta prioridade mantense ata finais de Decembro, a partires de entón trataráanse indistintamente, por orde de chegada.

## ❑ ¿Cando debo iniciar os trámites para facer prácticas extracurriculares?

- Se queres facer prácticas durante os meses de verán debes poñerte en contacto co/a Coordinador/a de prácticas a partires de Xaneiro.
- Se queres facer as prácticas antes de maio debes poñerte en contacto co/a Coordinador/a canto antes.



**¿Podo realizar prácticas curriculares en agosto?**

Non, en agosto só se poden realizar prácticas extracurriculares.

**¿Podo realizar as prácticas curriculares sen estar matriculado na materia correspondente do Plan de Estudos?**

Non, só se poden realizar prácticas extracurriculares

**Só me queda unha materia para rematar a Titulación. ¿Podería facer prácticas extracurriculares despois de superar esta materia?**

Si o alumno ten dereito a realizar prácticas extracurriculares ata o 31 de agosto de dese curso académico.

## ❑ ¿Onde podo informarme sobre qué empresas teñen convenios vixentes?

Esta información estará dispoñible nos seguintes puntos de información:

- En Faitic a través da materia “Prácticas Académicas Externas”
- No taboeiro de anuncios do Centro
- Na páxina web da Área de emprego:  
[http://emprego.uvigo.es/emprego\\_gl/buscadorconvenio/](http://emprego.uvigo.es/emprego_gl/buscadorconvenio/)

The screenshot shows the website of the University of Vigo, Faculty of Sciences. The navigation menu includes 'Inicio', 'Facultade', 'Docencia', 'Estudios', 'Alumnado', 'Movilidad', 'Prácticas e emprego', 'Investigación', 'Calidade', 'Comunicación', and 'Contacto'. The 'Prácticas e emprego' menu item is highlighted with a red box. Below the menu, there is a banner for 'Preinscripción e matrícula 2018/19' and several links to degree programs like 'Grao en Ciencia e tecnoloxía dos Alimentos' and 'Grao en Ciencias Ambientais'.

The screenshot shows the 'Buscador de convenios' page on the University of Vigo website. The page title is 'Buscador de convenios' and it includes a search bar and a list of search parameters. The navigation menu on the left includes 'Inicio', 'Información xeral', 'Prácticas académicas externas', 'Emprego', 'Emprendemento', 'Formación', 'Buscador de prácticas e ofertas de emprego', 'Buscador de convenios', 'CURSES', and 'FINDE.U'. The 'Buscador de convenios' link is highlighted with a red box. The main content area includes a search bar and a list of search parameters: 'Empresa', 'Tipo', 'Estado', and 'Periodo'. The 'Periodo' parameter has input fields for 'Inicio: yyyy-mm-dd' and 'Fin: yyyy-mm-dd'. There are 'Buscar' and 'Borrar' buttons. On the right side, there is a section titled 'Convocatorias de prácticas' with a list of dates and descriptions of various programs.




## ❑ ¿Podo facer prácticas nos laboratorios dalgunha Universidade española?

Como norma xeral NON. Non se permite a realización de prácticas externas en centros docentes. Excepcións: alumnos/as ERASMUS e Centros non docentes adscritos as universidades.

## ❑ ¿Existen empresas con convenios firmados fora de Ourense?

Si, actualmente temos convenios firmados con 171 empresas privadas e organismos públicos distribuídas polas 4 provincias galegas e incluso algunha de fora da Comunidade Autónoma.





❑ **¿Qué documentación necesito para tramitar as prácticas extracurriculares?**

- CV
- Expediente académico
- Resgardo da matrícula
- Titor/a académico/a (nome, departamento, teléfono e correo electrónico)
- Data de inicio e fin (mínimo 1 mes e máximo sen remunerar 240 h en empresas privadas e 3 meses en organismos públicos/entidades sen ánimo de lucro)
- Horario (<5h/día en período lectivo, pode incrementarse ata 8 h/día se o alumno non ten clases nese momento).
- Titor/a na empresa (nome, cargo, teléfono e correo electrónico)
- Actividades a realizar



❑ **¿Qué documentación necesito para tramitar as prácticas curriculares?**

- CV
- Titor/a académico/a (nome, departamento, teléfono e correo electrónico)
- Data de inicio e fin (120 h)
- Horario (<5h/día en período lectivo, pode incrementarse ata 8 h/día se o alumno non ten clases nese momento).
- Titor/a na empresa (nome, cargo, teléfono e correo electrónico)
- Actividades a realizar



**¿Quién designa ó/á titor/a académico/a?**

O/A alumno/a pode escoller ó/á titor/a académico/a entre os distintos profesores/as da súa Titulación. Pero ten que ter o visto bo do/a Coordinador/a de Prácticas.

**Quero facer prácticas nun Parque Natural ou CRFS dependente da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, ¿os trámites a seguir son os mesmos?**

Non, as prácticas en Parques Naturais e Centros de Recuperación de Fauna Silvestre (CRFS) xestiónanse a través da Consellería de Medio Ambiente a través dunha convocatoria competitiva que publica a Consellería sobre o mes de abril-maio. Hai que presentar CV, expediente e carta de motivación.



**❑ ¿Existe algún modelo ou extensión máxima para realizala memoria de prácticas?**

A memoria de prácticas debe recoller os puntos establecidos no punto 2.2. h) da *Resolución Reitoral do 21 de febreiro de 2013 pola que se fai pública a instrución que establece o procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas externas curriculares na Universidade de Vigo*. Para facilitar o alumno a súa elaboración creouse unha plantilla, dispoñible en Faitic, que cada alumno debe adaptar as actividades realizadas na empresa e o número de horas que o alumno estivo na empresa.

**❑ Xa teño as prácticas curriculares feitas pero quero facer prácticas extracurriculares, ¿necesito facer memoria de prácticas?**

Si, a normativa esixe facer memoria de prácticas independentemente de si se trata de curriculares ou extracurriculares. O formato da memoria é o mesmo.





## ❑ ¿Durante a realización das prácticas teño algún seguro?

Si, durante este tempo estamos cubertos por 3 tipos de seguro:

- **Seguro escolar:** as prácticas en empresas estarán cubertas polo seguro escolar, sempre que sexan organizadas ou debidamente autorizadas e que o alumno estea matriculado na Uvigo e ao corrente do pago do seguro escolar
- **Seguro de accidentes “CUM LAUDE”:** Trátase dun seguro complementario subscrito pola universidade para a cobertura de accidentes. Nalgúns casos podería ser necesario ampliar as coberturas do seguro de accidentes: estudantes embarcados, realización de prácticas fora do centro de traballo (consultoría), estudantes que viaxan ao extranxeiro, estudantes extranxeiros.
- **Seguro de responsabilidade civil:** trátase dun seguro subscrito pola universidade que cubre os danos que os alumnos poidan causar a terceiras persoas como consecuencia da realización das prácticas.



**❑ ¿Son certos os rumores que están correndo de que a normativa de prácticas vai cambiar ao longo deste curso académico?**

Hoxe por hoxe non hai ningún cambio aprobado que vaia entrar en vigor neste curso académico, nin temos constancia de que se estean a negociar cambios. Nembargantes poden surxir cambios que agora non esteamos a contemplar.

**❑ ¿É certo que no novo Plan de Estudos non se permite o recoñecemento de prácticas extracurriculares por curriculares?**

Non, ás prácticas extracurriculares podense recoñecer por curriculares igual que no Plan antigo.



**❑ ¿A realización de prácticas extracurriculares poden ser recoñecidas como prácticas curriculares?**

Si, para iso unha vez finalizadas as prácticas extracurriculares o alumno debe presentar na Secretaría do Centro unha solicitude. O recoñecemento farase na convocatoria correspondente. As solicitudes deben presentarse entre xuño e primeira quincena de setembro.

**❑ ¿Pode recoñecer as prácticas extracurriculares por unha materia optativa de libre elección?**

Non, ás prácticas extracurriculares so se poden recoñecer por curriculares.

- 
- ❑ **Escoitei que hai alumnos/as que non van presentar o TFG ata setembro de 2018 para poder facer prácticas extracurriculares durante o próximo curso académico, ¿Vale a pena?**

Cada ano que un alumno/a se matricula na Universidad ten dereito a facer 6 meses de prácticas externas (entre curriculares e extracurriculares). É dicir, que aínda que acabe a carreira en outubro pode aproveitar o resto do curso ata o 31 de agosto do ano seguinte para facer prácticas. Agora ben, non é necesario que deixe expresamente o TFG, senón que pode estar matriculado nun Máster da Universidad de Vigo ou en outra Titulación da Universidad.

☐ **¿Onde podo ter información sobre as ofertas de prácticas extracurriculares?**

A través dos seguintes links:



*<http://fundacionuvigo.es/>*

Área de Emprego  

---

Universidade de Vigo

*<http://emprego.uvigo.es/>*

☐ **¿Onde me podo informar dos trámites a seguir para a realización de prácticas dentro do Programa Erasmus Practicas?**

- Na Vicerreitoría de Relacións Internacionais (Tel: 986 818726 (Cristina Vázquez), web: <http://internacional.uvigo.es>)